

2017-  
2018

# PROXECTOS FOMENTO DO AUTOEMPREGO E AS INICIATIVAS EMPRESARIAIS

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

A Deputación de Pontevedra no seu reto de reducir o desemprego, colabora coa Fundación INCYDE no desenvolvemento de proxectos de apoio ao emprendemento a través do impulso de iniciativas empresariais e da súa consolidación e sustentabilidade.

Estes proxectos convocados pola Fundación INCYDE realízanse co financiamento Fondo Social Europeo (FSE) no marco do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) 2014-2020 e o Programa Operativo de Emprendemento Xuvenil (POEJ) 2014-2020.

**FOMENTO DO EMPRENDEMENTO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA – depoEMPRENDE  
2017 (POEFE)**

O proxecto depoEMPRENDE 2017 da Deputación de Pontevedra en colaboración coa Fundación INCYDE e co financiamento do Fondo Social Europeo, ten como obxectivo incorporar ao mercado laboral pola vía do emprendemento a persoas de toda a provincia de Pontevedra a través do fomento do emprendemento e desenvolvemento de competencias emprendedoras.

Período de execución: do mes de abril de 2017 ata o mes de decembro de 2018.

**DIIXIDO A**

120 Persoas en situación de desemprego da provincia de Pontevedra.

Terán prioridade persoas pertencentes a colectivos con maior risco de exclusión do mercado laboral (menores de 30 anos, mulleres, maiores de 45, persoas con discapacidade, e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social).

**REQUISITOS DAS PERSOAS  
PARTICIPANTES**

- Estar en situación de desemprego e inscrita como demandante de emprego no SPEG
- Cumprir co requisito de acceso ós certificados de profesionalidade de nivel 3
- Estar empadroadado nalgún concello da provincia de Pontevedra

**OBXECTIVOS**

- Fomentar o emprendemento coma un dos factores crave nunha economía do coñecemento, debido á súa achega de creatividade e innovación.
- Eliminar as barreiras que dificultan ou impiden a transformación das ideas emprendedoras en proxectos concretos.
- Mellorar a calidade de vida das persoas desempregadas, a través da formación e asesoramento especializado, promovendo a incorporación ao mercado laboral pola vía do emprendemento.
- Desenvolver competencias emprendedoras que axuden ás persoas desempregadas a superar os obstáculos, desenvolver confianza en si mesmos e adquirir autonomía; e axuden ao desenvolvemento de oportunidades profesionais cando a oferta laboral non se corresponda coa oferta formativa.
- Contribuír á viabilidade e sustentabilidade das novas empresas.
- Garantir a non-exclusión por motivos sociais, de nivel formativo, por razóns de xénero ou por lugar de residencia, de ningunha persoa que responda o perfil de destinatario.
- Fomentar o equilibrio territorial do programa, desenvolvéndoo coa colaboración de todas as Cámaras de Comercio da provincia de Pontevedra para a súa dinamización, captación e participación no proxecto

- Colaborar cos axentes crave para o desenvolvemento do programa (Cámaras de Comercio, Universidade de Vigo, asociacións de empresarios, Escolas de Negocios, etc.).

### QUÉ FACEMOS

- Captación e selección
- Fomento da cultura emprendedora
- Formación
- Mentorización

### CAPTACIÓN E SELECCIÓN

Desenvolveranse seis xornadas de difusión nas que se contará coa colaboración de:

- Cámaras de comercio
- Universidade de Vigo
- Axentes locais relevantes no ámbito do emprendemento
- Utilización de redes sociais e base de datos dos axentes colaboradores
- Sondaxe e solicitude de persoas candidatas ó Servizo Público de Emprego en Galicia
- Información nas accións formativas do Plan AFFD

### FOMENTO CULTURA EMPRENDEDORA

Desenvolveranse seis talleres de promoción da cultura emprendedora dirixidos a aquelas persoas con intereses no ámbito do emprendemento.

Nestes talleres poderán tratarse temas relacionados co emprego por conta propia con contidos variables en función das características da localización coma:

- Xestión da toma de decisións
- A xestión do estrés na empresa
- Traballo en equipo
- A xestión do tempo
- Habilidades sociais
- A planificación e organización das tarefas

### FORMACIÓN

Formación para o emprendemento. Realizaranse 8 itinerarios formativos en distintas localidades. Nestes itinerarios poderán participar ata un máximo de 15 persoas que se formarán en:

- Formación acreditada asociada ao certificado de profesionalidade ADGD0201 Creación e xestión de microempresas: MF1788-3 Planificación e iniciativa emprendedora en pequenos negocios e microempresas. (120h)
- Formación transversal grupal (20h):
  - Adestramento no manexo de ferramentas e metodoloxías innovadoras
  - Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no acceso ao emprego, a non discriminación por razón de sexo, raza, orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.
  - Desenvolvemento sostible
- Formación adicional: Detección de oportunidades con cada participante de cara a construír o propio proxecto profesional a través dun plan de negocio ou ben na definición dunha marca persoal (4h)

### MENTORIZACIÓN

As persoas que finalicen a formación, e teñan un proxecto empresarial definido, poderán acceder fase de mentorización individual que consistirá na titorización durante as etapas iniciais da actividade económica. Ofreceranse 15 horas de mentoring, 5 das cales serán presenciais e 10 online.

### LOCALIZACIÓNS

- Barro- Meis
- Lalín
- Pontevedra
- Vigo
- Vilagarcía
- Tui

**FOMENTO DO EMPRENDEMENTO XUVENIL NA PROVINCIA DE  
PONTEVEDRA II – depoEMPRENDE II (POEJ)**

O programa de Fomento do Emprendemento Xuvenil (depoEMPRENDE II) da Deputación de Pontevedra, ten como meta a redución do desemprego e, en concreto, do desemprego xuvenil. Este programa desenvólvese en colaboración coa Fundación INCYDE e coa financiación do Fondo Social Europeo.

Período de execución: do mes de abril de 2017 ata o mes de decembro de 2018.

**DIIXIDO A**

135 mozos e mozas menores de 30 anos de toda a provincia de Pontevedra que non estean ocupados/as nin integrados/as nos sistemas de educación ou formación.

**REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

- Estar en situación de desemprego e inscrita no sistema nacional de garantía xuvenil
- Cumprir co requisito de acceso os certificados de profesionalidade de nivel 3
- Estar empadroadado nalgún concello da provincia de Pontevedra

**OBXECTIVOS**

- Fomentar o emprendemento como un dos factores clave nunha economía do coñecemento, debido á súa achega de creatividade e innovación. Eliminar as barreiras que dificultan ou impiden a transformación das ideas emprendedoras en proxectos concretos.
- Promover a incorporación ao mercado laboral pola vía do emprendemento a persoas novas de toda a provincia non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas e educación ou formación, contribuíndo á viabilidade e sustentabilidade das novas empresas.
- Ofrecer itinerarios de emprendemento xuvenil adaptados ás necesidades das persoas novas en diferentes localizacións da provincia, fomentando o equilibrio territorial do programa.
- Garantir a non-exclusión por motivos sociais, de nivel formativo, por razóns de xénero ou lugar de residencia, de ningunha persoa que responda o perfil de destinatario.

**QUÉ FACEMOS**

- Captación e selección
- Fomento da cultura emprendedora
- Formación
- Mentorización

### CAPTACIÓN E SELECCIÓN

Desenvolveranse seis xornadas de difusión nas que se contará coa colaboración de:

- Cámaras de comercio
- Universidade de Vigo
- Axentes locais relevantes no ámbito do emprendemento
- Utilización de redes sociais e base de datos dos axentes colaboradores
- Sondaxe o Servizo Público de Emprego en Galicia
- Información nas accións formativas do Plan AFFD

### FOMENTO CULTURA EMPRENDEDORA

Desenvolveranse seis talleres de promoción da cultura emprendedora dirixidas persoas menores de 30 anos.

Nestes talleres poderán tratarse temas relacionados co emprego por conta propia con contidos variables en función das características da localización coma:

- Xestión da toma de decisións
- A xestión do estrés na empresa
- Traballo en equipo
- A xestión do tempo
- Marcas persoais
- Oportunidades emprendedoras

### FORMACIÓN

Formación para o emprendemento. Realizaranse 9 itinerarios formativos en distintas localidades. Nestes itinerarios poderán participar ata un máximo de 15 persoas que se formarán en:

- Formación acreditada asociada ao certificado de profesionalidade ADGD0201 Creación e xestión de microempresas: MF1788-3 Planificación e iniciativa emprendedora en pequenos negocios e microempresas. (120h)
- Formación transversal grupal (20h):
  - Adestramento no manexo de ferramentas e metodoloxías innovadoras
  - Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no acceso ao emprego, a non discriminación por razón de sexo, raza, orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.
  - Desenvolvemento sostible
- Formación adicional: Detección de oportunidades con cada participante de cara a construír o propio proxecto profesional a través dun plan de negocio ou ben na definición dunha marca persoal (4h)

### MENTORIZACIÓN

As persoas que finalicen a formación, e teñan un proxecto empresarial definido, poderán acceder fase de mentorización individual que consistirá na tutorización durante as etapas iniciais da actividade económica. Ofreceranse 35 horas de mentoring, 25 das cales serán presenciais e 10 online.

### LOCALIZACIÓNS

- Cangas
- Pontearreas
- Pontevedra
- Porriño
- Vigo
- Vilagarcía

### DATOS DE CONTACTO

Mail: [promociondoemprego@depo.es](mailto:promociondoemprego@depo.es)

Teléfonos: 986 804 100 Extensións: 40854 - 40853

Deputación Provincial de Pontevedra, Edificio Administrativo, Avenida Montero Ríos s/n, 1ª andar, 36161 Pontevedra